

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

Cofecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conseleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 10 de marzo de 2006 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido un erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 51, do martes 14 de marzo de 2006, é necesario efectuar a seguinte rectificación:

Na páxina 3.677, base común 7.4.2, columna da esquerda, primeira proba, segunda parte, debe engadirse ao final do primeiro parágrafo: «No caso do corpo de profesores de música e artes escénicas, os temas serán extraídos da sección primeira do temario»; quedará redactado como segue:

«Segunda parte.-Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante de entre dous extraídos ao chou polo tribunal dos correspondentes ao temario da especialidade. No caso do corpo de profesores de música e artes escénicas, os temas serán extraídos da sección primeira do temario».

Na mesma páxina, base común 7.4.2, columna da dereita, segunda proba, letra a), onde di: «No caso do corpo de profesores de música e artes escénicas,

a programación referirase unicamente á sección primeira do temario»; debe dicir: «Para acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, a programación didáctica fará referencia ao *curriculum* dun curso relacionado coa especialidade pola que se participa».

Anuncio do 20 de marzo de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de francés e especialidade de navegacións e instalacións mariñas e na especialidade de procesos de diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos; no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de máquinas, servizos e produción; no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, especialidade de ruso, e no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, especialidade de técnicas cerámicas.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para os seguintes corpos e especialidades:

1. Corpo de profesores de ensino secundario. Especialidade: francés.